

CURSOS DE FORMACIÓN PARA O PERSOAL DA REDE DE BIBLIOTECAS PÚBLICAS DE GALICIA

A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, a través da Dirección Xeral de Cultura, convoca 6 cursos de formación que se relacionan no anexo que acompaña esta convocatoria, dirixidos ao persoal bibliotecario da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.

Esta convocatoria farase pública a través da páxina web da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia <http://rbgalicia.xunta.gal>.

1. Requisitos das persoas participantes

1.1. Poderán participar nas accións formativas convocadas pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades para o ano 2024 os empregados públicos e as empregadas públicas en situación de servizo activo (incluído o persoal que teña concedido un permiso por motivos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral), destinados na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia ou nas bibliotecas de arquivos e museos xestionados por esta Consellería. Ademais, deberanse cumprir os requisitos específicos establecidos para cada curso. No caso de vacantes, as prazas poderán cubrirse con persoal que non cumpra estes requisitos, tal como se sinala no apartado 3.

1.2. Non poden participar aquelas persoas que, sendo seleccionadas para a realización dunha actividade formativa na convocatoria de 2023, incumprisen a obriga á que se refire o apartado 5.

2. Solicitudes

O persoal que desexe participar nos cursos convocados debe cubrir o formulario de matrícula telemática que se publicará o 15/03/2024, ás 9.00 h., na páxina web da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia, <http://rbgalicia.xunta.gal>, sen que se admitan outros modelos de solicitude. No caso de ter que achegar documentación que acredite calquera





das situacións que se contemplan nos puntos 1º e 2º do apartado 3.2 (epígrafe 3, "Selección"), esta deberá remitirse escaneada por correo electrónico ao seguinte enderezo, indicando o nome, apelidos e DNI na mensaxe: servizo.bibliotecas@xunta.gal. No asunto deberá consignarse "Formación RBG 2024".

O prazo de presentación das solicitudes e, se é o caso, da documentación acreditativa, iniciárase o 15/03/2024, ás 9.00 h., e rematará o 25/03/2024, ás 23.59 h. As solicitudes ou a documentación acreditativa recibidas antes ou despois deste prazo non se terán en conta.

3. Selección

3.1. Na concesión dos cursos terase en conta a orde de prioridade establecida pola persoa solicitante no boletín de inscrición.

3.2. Para a selección dos aspirantes aplicaranse os seguintes criterios, de forma sucesiva pola orde na que aparecen:

1º. Reservarase unha cota non inferior ao 5% para ser cuberta por parte de persoas que acrediten un grao de discapacidade igual ou superior ao 33%.

2º. A persoa solicitante que acredite estar gozando ou ter gozado nos últimos dous anos dunha licenza de maternidade, un permiso de paternidade, unha redución da xornada ou unha excedencia para o coidado de familiares, terá dereito preferente a participar nesta oferta formativa:

3º. Que exista unha relación directa entre as tarefas que realiza a persoa solicitante no desempeño do seu traballo e a materia ou materias obxecto do curso.

4º. Terán preferencia as persoas solicitantes que realizaran o menor número de cursos durante os dous últimos anos (2022 e 2023), dos organizados pola consellería competente en materia de bibliotecas.

5º. En situación de empate, daráselle prioridade á data e hora de envío da solicitude.





3.3. Inicialmente, unha mesma persoa só será seleccionada para un máximo de dous cursos. No caso de que resulten prazas vacantes, poderá incrementarse este número segundo os criterios que se sinalan no punto seguinte.

3.4. No caso de existiren vacantes, cubriranse atendendo á seguinte orde:

1º. Persoas que, sendo empregadas públicas destinadas na Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia ou nas bibliotecas de arquivos e museos xestionados por esta Consellería, non cumpran cos requisitos específicos para o curso solicitado.

2º. Persoas que presten servizo nas bibliotecas da rede e non sexan empregadas públicas.

3º. Persoas con titulación universitaria en biblioteconomía, información e/ou documentación.

4º. Persoas que xa fosen seleccionadas en dous cursos.

4. Publicación das listaxes de admitidos

A Dirección Xeral de Cultura fará pública na páxina web da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia (<http://rbgalicia.xunta.gal>) unha relación provisional das persoas seleccionadas para participar en cada curso, así como unha listaxe de reserva na que só se incluírán os nomes dos cinco primeiros solicitantes sen praza. No caso de que se produzan vacantes entre os titulares e se esgote a lista de agarda publicada, proseguirase co chamamento dos restantes solicitantes en reserva segundo os criterios establecidos nesta convocatoria. Así mesmo, publicarase con anterioridade ao comezo do curso, e a través desta mesma páxina web, a listaxe definitiva de persoas admitidas.

5. Obrigas

No caso de que a persoa admitida non poida realizar o curso, deberá comunicar a súa baixa cunha antelación mínima de sete días naturais antes do seu inicio. Igualmente, se





nos sete días anteriores ao inicio do curso, ou unha vez comezado este, a persoa admitida non puidese realizalo por causas xustificadas, debe acreditar estas documentalmente ante o servizo competente da Dirección Xeral de Cultura. De incumprir estas obrigas de comunicación, non poderá participar na vindeira convocatoria de cursos do ano 2025, nin en calquera outra oferta de actividades formativas que se realice desde a Dirección Xeral de Cultura para o persoal bibliotecario da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia durante este ano 2024, nin en 2025.

Esta penalización farase extensiva, de non acreditar documentalmente unha causa xustificada, a aquelas persoas que non completen o 50 % das tarefas propostas.

6. Certificados

Para a expedición do certificado de aproveitamento por parte da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, o alumnado deberá superar as probas que estableza o persoal docente.

7. Resolución de dúbidas

En caso de dúbidas ou dificultades técnicas, as persoas interesadas poderán dirixirse ao CAU Periférico chamando ao 881 99 53 00, ou a través do enderezo de correo electrónico cau-periferico@xunta.gal

Santiago de Compostela,

O director xeral de Cultura,

Anxo M. Lorenzo Suárez





ANEXO

AVALIACIÓN DO IMPACTO DOS SERVIZOS BIBLIOTECARIOS

OBXECTIVOS

- Reflexionar sobre a importancia da medición e da avaliación de todos os eidos dos servizos bibliotecarios.
- Coñecer a normativa, os sistemas de avaliación, os proxectos e as propostas con distintos enfoques e obxectivos para a avaliación de servizos de bibliotecas.
- Conceptualizar e definir o impacto do servizo de biblioteca e reflexionar sobre os ámbitos de impacto.
- Coñecer metodoloxías e requisitos de recollida de datos para esta avaliación (principalmente a norma ISO 16439).

DESENVOLVEMENTO

- Duración: 40 h.
- Lugar e datas: En liña. Aula do Campus Europeo de Formación Permanente da Fundación Germán Sánchez Ruipérez.

Do 10 ao 30 de abril.

- Número de prazas: 25

DESTINATARIOS

Os sinalados con carácter xeral na convocatoria. Aínda que non se exixen requisitos adicionais, para un mellor aproveitamento do curso é aconsellable contar con algúns coñecementos previos sobre a obtención e recollida de datos da biblioteca ou ter asignada esta función no centro de traballo.





CONTIDOS

Módulo 1. Presentación

- Introducción
- Webinar

Módulo 2. Introducción

- Definición
- Un pouco de historia da avaliación de bibliotecas
- Avaliación como proceso continuo: Elementos crave
- Cultura da avaliación
- Proxectos destacables
- Referencias

Módulo 3. Sistemas de avaliación

- Cifras de servizo
- Sistemas na calidade
- Cadros de mando integral
- Sistemas baseados no retorno do investimento
- Sistemas baseados no impacto
- Outros sistemas

Módulo 4. Avaliación do impacto

- Definición de impacto do servizo bibliotecario
- Características e cuestións para ter en consideración na avaliación do impacto
- ISO 16439: Métodos e técnicas para avaliar o impacto





Módulo 5. Metodoloxía para o deseño dun proxecto de avaliación de impacto

- Deseño dun proxecto de avaliación de impacto

AVALIACIÓN

Para a obtención do certificado será necesaria a superación das actividades programadas pola docente, entre as que se atopa a realización de exercicios de corrección automática, a participación en actividades de comunicación (foros de debate, chats) e a redacción de breves traballos prácticos.

DOCENTE

Alicia Sellés Carot. Diplomada en Biblioteconomía e Documentación pola Universidade de Salamanca, Licenciada en Documentación pola Universidade Politécnica de Valencia e Máster en Contidos e Aspectos Legais na Sociedade da Información pola mesma universidade.

Consultora en proxectos relacionados con bibliotecas dixitais e repositorios, sistemas de xestión de bibliotecas, implantación de sistemas de información e xestión documental. Compatibiliza estas tarefas coa docencia en cursos especializados do sector da información e documentación e graos e másteres relacionados coa xestión da información.





APLICACIÓNS MÓBILES PARA A BIBLIOTECA

OBXECTIVOS

- Aprender a xestionar as aplicacións móbiles.
- Aplicar as *apps* aos traballos da biblioteca.
- Identificar as aplicacións máis utilizadas entre os bibliotecarios.
- Recoñecer cales son as *apps* máis utilizadas polos nosos usuarios.
- Utilizar as *apps* nas actividades e servizos da biblioteca

DESENVOLVEMENTO

- Duración: 30 h.
- Lugar e datas:
En liña. Aula Cesga.
Do 6 ao 31 de maio.
- Número de prazas: 25

DESTINATARIOS

Os sinalados con carácter xeral na convocatoria.

CONTIDOS

Módulo 1. Os dispositivos.

- Tipos.
- Xestión e mantemento.
- Emuladores.

Módulo 2. Aplicacións para todos os dispositivos.

- Onde buscar, onde atopar, que instalar.





- Apps.
- Aplicacións desde o navegador.

Módulo 3. Coñecer as aplicacións.

- Para labores do día a día.
- Creadas por e para a biblioteca.
- Para gozar de contidos "free".
- Para deseño e creatividade.
- Para traballar con fotos.
- Para realidade virtual e realidade aumentada.
- Para reproducir audios e vídeos.
- Para xogar na biblioteca infantil.

Módulo 4. O uso das *apps* na biblioteca.

- Para promocionar o catálogo e os servizos da biblioteca.
- Para crear historias.
- Para decorar a biblioteca.
- Para contar contos e narrar historias.
- Para dinamizar con QRs, RA e RV.

Módulo 5. Nós podemos crear as nosas propias *apps*?

AVALIACIÓN

Para a obtención do certificado será necesaria a superación das actividades programadas polo docente, entre as que se inclúen cuestionarios tipo test e unha tarefa.

DOCENTE

Joaquín Hernández Sánchez. Profesional con máis de dezasete anos de experiencia de traballo na Fundación Germán Sánchez Ruipérez, na actualidade coordina programas formativos e realiza labores de docente, ademais de adaptar e deseñar materiais





formativos, tanto para proxectos presenciais como en liña. Colabora en programas ReadMaker para as bibliotecas na Deputación de Badajoz. Paralelamente a estas actividades, continúa desenvolvendo proxectos web e elaborando materiais para contornas dixitais.





CHATGPT NAS BIBLIOTECAS. APLICACIÓNS E ESTRATEXIAS DE USO

OBXECTIVOS

- Entender a fondo ChatGPT: profundar no coñecemento sobre a tecnoloxía detrás de ChatGPT, comprendendo os seus fundamentos e como pode ser aplicado nun contexto bibliotecario.
- Desenvolver habilidades en IA en contextos bibliotecarios: capacitar ao persoal de bibliotecas no uso e manexo de ChatGPT, enfocándose en habilidades técnicas e prácticas para a súa implementación efectiva.
- Mellorar a experiencia do usuario na biblioteca: instruír sobre como ChatGPT pode ser utilizado para enriquecer a experiencia dos usuarios na biblioteca, desde a procura de información ata a interacción personalizada.
- Facilitar a creación e manexo de contido dixital: ensinar o uso de ChatGPT para optimizar a creación, organización e xestión de contido dixital e recursos na biblioteca.
- Adaptar ChatGPT a necesidades locais e específicas: mostrar como personalizar e adaptar ChatGPT para satisfacer as necesidades específicas de diferentes comunidades e contextos bibliotecarios.
- Utilizar ChatGPT para a automatización eficiente: demostrar como ChatGPT pode ser usado para automatizar procesos e tarefas administrativas, mellorando a eficiencia e a efectividade operativa.
- Fomentar a educación e alfabetización informacional: utilizar ChatGPT para desenvolver e mellorar programas educativos, incluíndo a alfabetización informacional e dixital.
- Instruír en aspectos éticos e de privacidade da IA: sensibilizar e educar sobre as implicacións éticas e de privacidade no uso de tecnoloxías de IA como ChatGPT en contornas de bibliotecas.
- Innovar en servizos bibliotecarios con ChatGPT: inspirar e motivar ao persoal bibliotecario a explorar usos creativos e novos de ChatGPT para mellorar os servizos da biblioteca.





- Preparar ao persoal para o futuro dixital en bibliotecas: capacitar ao persoal das bibliotecas para os cambios e avances tecnolóxicos futuros, mantendo ás bibliotecas como entidades relevantes e actualizadas.

DESENVOLVEMENTO

- Duración: 40 h.
- Lugar e datas:
En liña. Aula da Asociación Andaluza de Bibliotecarios.
Do 27 de maio ao 28 de xuño.
- Número de prazas: 30

DESTINATARIOS

Os sinalados con carácter xeral na convocatoria.

CONTIDOS

Módulo 1. Introducción a ChatGPT e á intelixencia artificial.

Módulo 2. ChatGPT na interacción e asistencia co usuario.

Módulo 3. Xestión de contidos e recursos con ChatGPT.

Módulo 4. Implementación e estratexia de ChatGPT en bibliotecas.

Módulo 5. Aspectos éticos e de privacidade na implementación da IA.

Módulo 6. Futuro e tendencias da IA en bibliotecas.

AVALIACIÓN

Para a obtención do certificado será necesaria a superación das actividades programadas polos docentes.





DOCENTES

Wenceslao Arroyo Machado. Profesor no Departamento de Información e Comunicación da Universidade de Granada (UGR). Doutor en Tecnoloxías da Información e a Comunicación pola UGR, especializado en estudos da ciencia a través de medios sociais e problemas big data. Esta liña xorde como combinación dos seus estudos no Grao de Información e Documentación e o Máster Oficial en Ciencia de Datos e Enxeñería de Computadores, cun enfoque especial en Ciencia de Datos, ambos tamén na UGR. Desempeña unha participación activa no ámbito da investigación e durante os últimos anos contribuíu en EC3metrics na elaboración de informes institucionais e na docencia de cursos especializados. Esta sinerxia permitiulle incorporar técnicas novas nos informes bibliométricos e propoñer metodoloxías prácticas na investigación. Forma parte da plataforma de formación de investigadores Yosigopublicando e da iniciativa InfluScience.

Daniel Torres Salinas. Profesor no Departamento de Información e Comunicación da Universidade de Granada (UGR). Licenciado en Humanidades, Documentación e Doutor en Documentación Científica. Foi bibliotecario, libreiro e desenvolveuse profesionalmente creando e dirixindo unidades de bibliometría, primeiro na Universidade de Navarra e logo na UGR. É membro do Grupo de Investigación EC3 e, actualmente, é consultor senior de EC3metrics spin-off. É responsable de dúas materias na Facultade de Tradución e Interpretación e participa en dous másters da UGR e un experto da Universidade Pablo de Olavide. Imparte e comparte en acceso aberto cursos sobre Bibliometría Evaluativa, Comunicación e Publicación Científica, Escritura Científica e Académica, Carrera Investigadora etc. É promotor da plataforma de formación de investigadores Yosigopublicando e da iniciativa InfluScience, dedicada a analizar a influencia e o impacto social da investigación. Desde 2023 ocupa a Coordinación para a Avaliación do Impacto Social no Vice-reitorado de Innovación Social, Empregabilidade e Emprendemento da UGR.





OS NOVOS RECUNCHOS DA BIBLIOTECA. LECTURA, TECNOLOXÍA E ARTE.

OBXECTIVOS

- Reflexionar sobre a nova concepción espacial das bibliotecas facendo un repaso das últimas publicacións sobre este eido.
- Ofrecer propostas que reinventen a estética e os usos dos espazos físicos das bibliotecas conservando o seu ADN.
- Fomentar a participación creativa dos propios lectores.
- Aplicar os novos recursos tecnolóxicos ao fomento da lectura.
- Reflexionar sobre o modo de extrapolar as experiencias a outras realidades a través dalgúns supostos prácticos.
- Aprender a aplicar as ferramentas en proxectos concretos da biblioteca.

DESENVOLVEMENTO

- Duración: 30 h.
- Lugar e datas:
En liña. Aula Cesga.
Do 9 de setembro ao 11 de outubro.
- Número de prazas: 25

DESTINATARIOS

Os sinalados con carácter xeral na convocatoria.

CONTIDOS

1. Nova concepción espacial da biblioteca: da pel ao corazón.
2. A pel da biblioteca: tatuaxes codificadas. QR nas bibliotecas.
3. Os espazos *Nubeteca*: concepción, deseño, baleirado, acondicionamento,





equipamentos, contido e función.

4. Do expurgo á creatividade: os libros esquecidos.
5. As bibliotecas dos lectores: o recuncho dos *Fundamentais*.
6. Espazos para a creación: makerspace da lectura.
7. A *Nubeteca* dos nenos.
8. O reino 3D.
9. Tarefas prácticas.

AVALIACIÓN

Para a obtención do certificado será necesaria a superación das actividades programadas polos docentes, entre as que se inclúe cuestionarios tipo test e tarefas.

DOCENTES

Florencia Corrrionero Salinero. Especialista en fomento da lectura, xestora cultural e docente. Actualmente é técnica do Proxecto Nubeteca no Servizo Provincial de Bibliotecas da Deputación de Badajoz, onde xestiona este proxecto de innovación lectora desde 2018.

Durante vinte e sete traballou no Centro de Desenvolvemento Sociocultural da Fundación Germán Sánchez Ruipérez coordinando a programación integrada dos servizos de información, formación e difusión cultural do centro, do que foi directora.

Actualmente combina o seu labor coa impartición de cursos de formación presenciais e en liña para bibliotecarios e xestores culturais, e a participación en foros profesionais. É autora de numerosas publicacións no ámbito das bibliotecas públicas.

Joaquín Hernández Sánchez. Profesional con máis de dezasete anos de experiencia de traballo na Fundación Germán Sánchez Ruipérez. Na actualidade coordina programas formativos e realiza labores de docente, ademais de adaptar e deseñar materiais formativos, tanto para proxectos presenciais como en liña. Colabora en programas





ReadMaker para as bibliotecas na Deputación de Badajoz. Paralelamente a estas actividades, continúa desenvolvendo proxectos web e elaborando materiais para contornas dixitais.





DESINFORMACIÓN E BIBLIOTECAS

OBXECTIVOS

- Ofrecer ferramentas ao persoal que traballa en bibliotecas para combater a desinformación, co fin de axudar a recoñecela, deter a súa difusión e axudar a protexer ás súas comunidades.
- Coñecer o tecido da información, a mala información e a desinformación.
- Familiarizarse e dominar a verificación de información.
- Coñecer ferramentas contra a desinformación.
- Configurar o seu propio proxecto para combater a desinformación desde as bibliotecas.

DESENVOLVEMENTO

- Duración: 40 h.
- Lugar e datas:
En liña. Aula da Sociedad Española de Documentación e Información Científica (SEDIC)
Do 3 ao 25 de outubro
- Número de prazas: 30

DESTINATARIOS

Os sinalados con carácter xeral na convocatoria.

CONTIDOS

Módulo 1. Desinformación no S.XXI

- Que é que, quen é quen na desinformación?
- Posverdade, Desinformación e Fake News.
- Verificación





- Medidas máis eficaces para facer fronte á desinformación.
- Como avaliar a fiabilidade dunha noticia, fotografía ou persoa.
- Ferramentas contra a desinformación.
- Intelixencia artificial (IA)
- Contra a desinformación ou a favor?
- Ferramentas de IA

Módulo 2. Alfabetización mediática e informacional (AMI) na era da incerteza

- Que é que, quen é quen en AMI?
- AMI
- Competencia dixital
- Profesionais das bibliotecas como persoal formador.
- Recursos AMI para:
 - Navegación, procura e filtrado de información, datos e contidos dixitais.
 - Avaliación de información, datos, contidos dixitais
 - Almacenamento e recuperación de información, datos e contidos dixitais.

Módulo 3. A formación desde as bibliotecas

- Que é que en planificación da formación nas bibliotecas?
- Persoas destinatarias
- Obxectivos
- Contidos
- Difusión
- Execución

AVALIACIÓN

Para a obtención do certificado será necesaria a superación das actividades programadas pola docente.





DOCENTE

Felicidad Campal. Bibliotecaria na Biblioteca Pública de Salamanca e licenciada en Documentación pola Universidade de Salamanca. Os seus primeiros traballos no ámbito bibliotecario desenvolveunos na Fundación Germán Sánchez Ruipérez e na Biblioteca da Universidade Pública de Pamplona. Desde 1995 pertence ao Corpo de Técnicos e Diplomados Especialistas, escala de Axudantes de Bibliotecas da Junta de Castilla y León. Traballou na Biblioteca Pública do Estado de Palencia e, na actualidade, desde fai 25 anos, na Biblioteca Pública do Estado en Salamanca.

Impartiu cursos e escribiu varios artigos sobre catalogación, servizos de información, formación de usuarios e alfabetización informacional. Compaxinou a función de bibliotecaria coa de profesora asociada na Facultade de Tradución e Documentación da Universidade de Salamanca, onde impartiu materias como Servizos Públicos de Información, Formación de Usuarios, Planificación e xestión de Unidades de información.

Desde o 2007 a 2018 coordinou o grupo de traballo de Alfabetización Informacional do Consejo de Cooperación Bibliotecaria do Ministerio de Cultura.





SÁCALLE PARTIDO AOS DATOS DA TÚA BIBLIOTECA

OBXECTIVOS

- Aclarar conceptos básicos da colección, a súa organización e o seu uso.
- Comprender a importancia da corrección na introdución de datos no sistema de xestión.
- Aprender a extraer e manexar os datos estatísticos.
- Aprender a manexar o formulario de estatísticas da Rede de Bibliotecas Públicas de Galicia.
- Mostrar as vantaxes de contar con información para avaliar os niveis de prestación dos servizos bibliotecarios.
- Reflexionar sobre a importancia da recollida e a explotación da información dispoñible.

DESENVOLVEMENTO

- Duración: 25 h.
- Lugar e datas:
En liña. Aula CESGA
Do 28 de outubro ao 20 de novembro
- Número de prazas: 25

DESTINATARIOS

Os sinalados con carácter xeral na convocatoria.

CONTIDOS

Módulo 1. Introducción e conceptos básicos.





Módulo 2. Combinación de datos e extracción de información a través do sistema de xestión.

Módulo 3. Tratamento e explotación dos datos.

Módulo 4. Definición de conceptos e enchemento de datos do formulario de estatísticas da Rede.

Módulo 5. Resultados e interpretación dos datos.

Módulo 6. Aproveitamento da información para a toma de decisións.

AVALIACIÓN

Para a obtención do certificado será necesaria a superación das actividades programadas polo docente.

DOCENTE

Eugenio Gómez Barreiro. Diplomado en Biblioteconomía e Documentación e Máster en Bibliotecas Escolares. Traballou en diversos organismos entre os que destacan a Cámara de Comercio, Industria e Navegación da Coruña ou o Consello Superior de Investigacións Científicas. Desde o 2016 é membro do Corpo Facultativo de Grao Medio da Xunta de Galicia, na especialidade de Bibliotecas, desempeñando as súas funcións primeiro no Servizo do Sistema de Bibliotecas e actualmente na Biblioteca Pública da Coruña "Miguel González Garcés".

